

Código do documento	Código do expediente
USG12I00XJ	USG/2018/170
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3U4T 4X3A 5G72 5N5D 0YLA	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día quince de outubro do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución da alcaldía do día 15 de outubro de 2018), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de outubro de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 8 de outubro de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 2 de outubro de 2018, do Ministerio de Facenda -Secretaría de Estado de Facenda- pola que se publican as contas anuais do Fondo de Financiamento a Entidades Locais do exercicio 2017 e o informe da auditoría. BOE núm. 245 do 10-10-2018.
- Orde SCB/1047/2018, do 9 de outubro, do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social-, pola que se establecen para os exercicios 2018 e 2019 as bases reguladoras para a concesión de subvencións no marco do Programa europeo "Cuerpo Europeo de Solidaridad". BOE núm. 245 do 10-10-2018.
- Resolución do 24 de setembro de 2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no

Código do documento	Código do expediente
USG12I00XJ	USG/2018/170
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3U4T 4X3A 5G72 5N5D 0YLA	

ámbito de Leader), na medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. DOG núm. 193 do 09-10-2018.

- Anuncio do 3 de outubro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Augas de Galicia -Servizo Territorial da Zona Galicia Norte-, de información pública da solicitude de R.B.F. de autorización de obras na parcela de referencia catastral 8364201NH498650001YB, no lugar de As Chousas, parroquia de Rutis. Expediente DH.W15.63200. BOP núm. 194 do 10-10-2018.
- Anuncio do 24 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 21-09-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 194 do 10-10-2018.
- Anuncio do 27 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.^a Marta Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.S.T. e B.B.S. o día 29-09-2018 ás 13.30 horas. BOP núm. 194 do 10-10-2018.
- Anuncio do 27 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia no concelleiro Miguel Suárez García para a celebración do matrimonio civil entre N.M.C. e P.S.R. o día 29-09-2018 ás 18.00 horas. BOP núm. 194 do 10-10-2018.
- Anuncio do 10 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia na concelleira D.^a Marta Iglesias Becerra para a celebración do matrimonio civil entre J.A.V. e J.M.E.B. o día 10-08-2018 ás 18.30 horas. BOP núm. 194 do 10-10-2018.
- Anuncio do 4 de outubro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia na concelleira D.^a Marta Iglesias Becerra para a celebración do matrimonio civil entre A.G.V. e C.V.P. o día 06-10-2018 ás 14.00 horas. BOP núm. 195 do 11-10-2018.
- Anuncio do 4 de outubro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia na concelleira D.^a Marta Figueroa Fuentes para a celebración do matrimonio civil entre L.D.V. e M.G.M. o día 06-10-2018 ás 18.45 horas. BOP núm. 195 do 11-10-2018.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá lectura ao escrito do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, de data 15 de outubro de 2018, que transcrito literalmente di:

“A **Alcaldía** dá conta á Xunta de Goberno Local de data do 08/10/2018, das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

- Resolución núm. 1528 de data do 03/10/2018, pola que se outorga unha licenza municipal para a instalación de terraza do café-bar 'O rincón de Noe', na R/. Hersa núm. 7.
- Resolución núm. 1534 de data do 04/10/2018, pola que se incoa expediente sancionador por infracción na instalación de equipos audiovisuais na terraza, á R., SL.
- Resolución núm. 1535 de data do 04/10/2018, pola que se incoa o expediente sancionador por infracción consistente na ocupación pola terraza dunha superficie maior á superficie autorizada en máis do 25%, á C. el H., SL.”

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Concellaría delegada de de Urbanismo:

Código do documento	Código do expediente
USG12I00XJ	USG/2018/170
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3U4T 4X3A 5G72 5N5D 0YLA	

“RESOLUCIÓNS DO 08.10.2018

Resolución nú, 1542.- Concedendo a D.A.F.V.C., licenza municipal para a implantación de cinco invernadoiros para actividade hortícola na rúa As Barreiras, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2018/417).

Resolución núm 1543.- Concedendo a D.G.M.P. E D^a. R.M.O.V., municipal de obra para a reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Peiro de Arriba parroquia de Celas, (parcela con referencia catastral: 15031A065000850000OS) (exp. UAU/2018/148).

Resolución núm 1544.- Ordenando a paralización inmediata das obras de movementos de terras levadas a cabo por Lopez Rubal Inmuebles S.L., na parcela coa referencia catastral 15031A013000010000OZ, situada á altura da confluencia das estradas N-550 (avenida Niceto Alcalá Zamora) e CP-3109 (avenida Hermida) por carecer do título habilitante exixible, incoar expediente de reposición da legalidade e dar audiencia no expediente á interesada que disporá dun prazo de 15 días hábiles, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes. exp. UAU/2018/687).

Resolución núm 1545.- Arquivando as actuacións de reposición da legalidade que se practicaron a D^a. M.X.S.F., polas obras de recheo para a explanación da parcela, construción dun peche perimetral e substitución dun tubo de formigón por tubos de pvc, que se executaron na parcela coa referencia catastral 0208912NH5900N0001RT, situada no lugar de Barrio, parroquia de Sésamo, por ter presentada a interesada solicitude de legalización das mesmas, e constar informe técnico favorable no que se indica que estas obras son perfectamente legalizables e compatibles co planeamento e a normativa urbanística. (exp. UAU/2018/575).

C.I.F. P-1503100-H

Resolución núm 1546.- Ordenando a paralización inmediata das obras de movementos de terras levadas a cabo por D.M.R.V.Z., na parcela situada na rúa Fraternidad Campesina, parroquia de Orro por carecer do título habilitante exixible, incoar expediente de reposición da legalidade e dar audiencia no expediente ao interesado que disporá dun prazo de 15 días hábiles, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes. (exp. UAU/2018/690).

Resolución núm 1547.- Requirindo a D.C.A.R., para que no prazo de tres meses, presente a solicitude da oportuna licenza para as obras que non se contemplan na licenza que se lle concedeu por Resolución número 1079 do 06.07.2018, para a construción dunha edificación agropecuaria na parcela coa referencia catastral 9912708NH4991S0001UI, situada na rúa Condes, parroquia de Sésamo, coa advertencia de que no caso de incumprimento ou se a licenza se denegara acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar.(exp. UAU/2018/456).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 05 de outubro de 2018, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L., para obras de illamento acústico no edificio situado en Rúa Ribados, 9, Parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2018/259)

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 05 de outubro de 2018, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L., para obras de illamento acústico no edificio situado en Avd. De Galicia, 2, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/260).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 05 de outubro de 2018, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L., para obras de illamento acústico na vivenda situada en Rúa Regueira, 5, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/261).”

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
07/08/18	1281	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	J.A.R.F.	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 11 de abril de 2018 a 12 de xuño de 2018.	23,94 €
21/08/2018	1337	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	M. A.R.M.	Pago electricidade correspondente ao período do 25/03/2018 ao 26/04/2018 (75,15 €) e do 26/04/2018 ao 29/05/2018 (72,72 €).	
06/09/18	1403	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	E.C.L	Pago do recibo de Auga correspondente ao 2º trimestre de 2018.	63,80 €
06/09/18	1404	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	M.D.R.S.	Pago do recibo de gas correspondente ao período de 5 de abril de 2018 a 06 de xuño de 2018. Pago de recibo de luz correspondente ao período de 13 de maio de 2018 a 12 de xuño de 2018.	11,76 € 16,43€
06/09/18	1405	Autorización, disposición, recoñecemento, e ordenación de pago.	T.L.F.S.	Pago de recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2018. Pago de recibo de gas correspondente ao período de 31 de maio de 2018 a 01 de agosto de 2018. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 16 de maio de 2018 a 13 de xullo de 2018.	53,79 € 17,53€ 56,17€
06/09/18	1406	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	J.A.R.F.	Pago de recibo de luz correspondente ao período de 12 de xuño de 2018 a 07 de agosto de	21,54 €

Código do documento	Código do expediente
USG12I00XJ	USG/2018/170
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3U4T 4X3A 5G72 5N5D 0YLA	

C.I.F. P-1503100-H

				2018.	
06/09/18	1407	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	S.S.S.	Pago de recibo de auga correspondente ao período do 2º trimestre de 2018. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 01 de xullo de 2018 a 15 de agosto de 2018.	73,63 € 211,03€
06/09/18	1408	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	C.L.S.	Pago do recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2017 a 2º trimestre de 2018. Pago do recibo de gas correspondente ao período de 29 de setembro de 2017 a 07 de xuño de 2018. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 14 de setembro de 2017 a 15 de agosto de 2018.	316,82 € 322,63€ 436,23€
06/09/2018	1409	Conder axuda económica	F.P.G.	Pago de recibos de electricidade correspondentes a os meses de outubro 2017 a outubro 2018. Bono de alimentos tipo C, durante seis meses cunha entrega mensual. Bono de alimentos tipo B, durante seis meses cunha entrega mensual.	1075€
25/09/18	1483	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	E.C.L.	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 13 de xuño de 2018 a 15 de agosto de 2018.	56,86 €
25/09/18	1484	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	M.E.B.R.	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 05 de xuño de 2018 ao 05 de agosto de 2018.	104,53 €
25/09/18	1485	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación	M.D.R.S.	Pago do recibo de luz correspondente ao	32,68 €

Código do documento	Código do expediente
USG12I00XJ	USG/2018/170
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3U4T 4X3A 5G72 5N5D 0YLA	

C.I.F. P-1503100-H

		de pago.		período de 12 de xuño de 2018 a 12 de agosto de 2018. Pago do recibo de gas correspondente ao período de 06 de xuño a 08 de agosto de 2018.	17,77€
25/09/18	1486	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	M.V.A.C.	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 13 de xuño de 2018 a 13 de agosto de 2018. Pago do recibo de gas correspondente ao período de 07 de xuño de 2018 a 08 de agosto de 2018.	74,61 € 39,48€
02/10/18	1521	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	J. A. V. M.	Pago de recibo de electricidade, correspondente ao mes de xullo de 2018.	53,32 €
02/10/18	1522	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago	M. A. M.	Recibo do recibo de gas, correspondente ao período comprendido entre o 13.06.2018 ao 10.08.2018.	14,05 €
02/10/18	1523	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago	Y. D. C.	Pago do recibo de gas, correspondente ao período comprendido entre o 13.06.2018 ao 08.08.2018. Pago dos recibos de electricidade, correspondente ao mes de xullo 823,87 €) e o mes de agosto (25,59 €).	12,71 € 48,46 €
4/10/2018	1537	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago	M. A. R. M.	Pago do recibo de electricidade correspondente ao período do do 27/06/2018 ao 29/08/2018.	110,17€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
20/09/2018	1458	Denegación da tarxeta	M.R.L.S.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00XJ	USG/2018/170
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3U4T 4X3A 5G72 5N5D 0YLA	

		estacionamento por razón de discapacidade por "non se lle recoñece dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos".		
--	--	--	--	--

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 16 DE OUTUBRO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.00 h:
Presentación do libro *Versos noctámbulos*, de Ricardo Seixo Fernández.
Entrada libre.

XOVES 18 DE OUTUBRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Coro Diapasón: *Concerto coral*.
Entrada libre ata completar aforo.

VENRES 19 DE OUTUBRO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:
Mundo máxico 3.0, co mago Pedro Bugarín.
Todos os públicos.

SÁBADO 20 DE OUTUBRO

Xardín Botánico do Burgo. Todo o día.
II Memorial “Tino Poza” de Artes Plásticas.
Entrega de premios ás 19.00 h.

SÁBADO 20 DE OUTUBRO

Paseo Marítimo do Burgo.
XXVIII Festival da Agrupación Folclórica Acoradoira.
14.00: Sesión vermú. Grupo *Culimaia* e tapas de callos.
18.30 h: Pasarrúas polo Burgo.
19.30 h: Festival folclórico:
Asociación *Fogo Fatuo* (Rianxo), Escola de Danza *Vila de Baiona*, *Os Carecos* (Ortegal), Agrupación Folclórica *Acoradoira*.
Fin de festa: Gran paella e concerto de *Os Revenidos*.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00XJ	USG/2018/170
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3U4T 4X3A 5G72 5N5D 0YLA	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde en funcións

(Asinado dixitalmente en esta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente en esta acta en calidade de alcalde en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).

C.I.F. P-1503100-H